

III CONCURSO DE MÚSICA  
TRADICIONAL  
“GAITEIROS DE VIASCÓN”.

III PREMIO RICARDO PORTELA O TOQUE PECHADO  
II TROFEO IRMÁNS PICHEL, UNHA FIGURA SENLLEIRA DO  
FOLCLORE TRADICIONAL  
I GALARDÓN VIASCÓN A PERCUSIÓN

22 DE XULLO DE 2006  
CARBALLEIRA DA PORTELA VIASCÓN (COTOBADE)

PROMOVEN  
CONCELLARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E DEPORTES. CONCELLO DE COTOBADE  
COMUNIDADE DE MONTES DE VIASCÓN

**BASES**  
**III CONCURSO DE MÚSICA TRADICIONAL “RICARDO PORTELA”**  
**-O GAITEIRO DE VIASCÓN-**

---

1.- Este será un concurso de gaita aberto, sen cota de inscrición, no que poderán participar tódolos/as Gaiteiros/as que o desexen dentro dun único apartado: “toque pechado” ,modalidade individual. O Concurso celebrárase o sábado día 22 de xullo ás 18:30 horas, e a entrega de premios será o domingo 23 de xullo despois do Xantar Popular que haberá na Carballeira da Portela.

2.- As solicitudes de inscrición serán gratuítas e dirixiránse ó Excmo. Concello de Cotobade, Concellaría de Cultura, Educación e Deportes. O prazo de entrega de inscrición rematará o 11 de xullo de 2006 ás 12:00 horas. Cada Gaiteira/o proporcionará coa inscrición o enderezo, o número de teléfono así coma as partituras das pezas a interpretar, segundo modelo de folla de inscrición que se facilita.

3.- O número de participantes será limitado a 25, no caso de superar esta cifra terase en conta a orde de entrada e só se considerarán inscritas/os no concurso as/os 25 primeiras/os participantes por orde de inscrición.

4.- As/os participantes deberán levar traxe tradicional galego e poderán ir acompañadas/os por un/unha percusionista, sempre e cando utilice percusión tradicional galega.

5.- A orde de participación será mediante sorteo, que se realizará momentos antes de comezar o Concurso.

6.- As/os concursantes deberán de estar o pe de escenario, mentres actúa a/o Gaiteira/o que lle precede.

7.- As persoas que concursen farán unha 1ª interpretación Libre onde poderán interpretar unha ou varias pezas Galegas, recollidas ou de autor/a non excedendo os 5 minutos de actuación, sendo penalizado cun punto de penalización por cada 10 segundos de exceso. A 2ª interpretación será dunha peza do repertorio de don Ricardo Portela, entendendo como tal aquel que estea gravado en cinta ou disco polo mestre de Viascón.

8.- Os criterios de valoración do xurado serán os seguintes:

- Afinación ata 10 puntos
- Dificultade da peza ata 10 puntos
- Interpretación ata 10 puntos
- Posta en escena ata 5 puntos
- Orixe da peza ata 1 punto
- Idade do participante ata 1 punto

As/os participantes deberán executar outras pezas de temática libre por orde de participación ata que o xurado remate a deliberación.

9.- O importe do único premio será de 1200 €, dos cales 900 será doados pola Comunidade de Montes de Viascón e os restantes 300€ pola Concellaría de Cultura, Educación e Deportes do Concello de Cotobade. O Concello librará a parte do seu premio mediante transferencia bancaria ao número de conta que a tal efecto facilite o gañador do premio.

10.- O Xurado estará composto por

Presidenta: Dona Lina Garrido Garrido, Concelleira de Cultura, Educación e Deportes do Concello de Cotobade ou concelleiro en quen delegue.

Vocais: Don Oscar Ibañez García, gañador do II concurso Ricardo Portela ou persoa en quen delegue, Don Fermín Martínez Gutierrez do Grupo Os Tranzantes de Tenorio ou persoa en quen delegue, Don Oscar Fernández Puga, coñecedor do toque pechado de gaita ou persoa en quen delegue e Don Angel Rodríguez Novoa, coñecedor da música tradicional ou persoa en quen delegue.

Os posibles suplentes teñen que ter amplos coñecementos musicais. A secretaria ou persoal funcionario do concello en quen delegue (con voz pero sen voto)

11.- A inscrición a este concurso supón a aceptación das bases.

12.- A decisión do Xurado será inapelable, e será quen teña potestade para dirimir ao seu bo criterio calquera cuestión non recollida nas bases, así como a interpretación das mesmas en caso de dúbida.

**Cotobade, 19 de xuño de 2006**

**A Concelleira Delegada de**  
Cultura, Educación e Deportes

Dona Lina Garrido Garrido

**BASES**  
**I GALARDON DE MÚSICA TRADICIONAL “VIASCÓN Á PERCUSIÓN”**

---

1.- Este será un concurso de percusión aberto, sen cota de inscrición, no que poderán participar tódolos/as percusionistas que acompañen a un/ha gaitero/a, que participe no premio RICARDO PORTELA. O Concurso celebrarase o sábado día 22 de xullo ás 18:30 horas, e a entrega de premios será o domingo 23 de xullo despois do Xantar Popular que haberá na Carballeira da Portela.

2.- As solicitudes de inscrición serán gratuítas e serán xunto coas do gaitero, onde fará constar o nome do percursionista, que o acompaña se quere participar no concurso. O prazo de entrega de inscrición rematará o 11 de xullo de 2006 ás 12:00 horas. Cada percusionista proporcionará coa inscrición o enderezo, o número de teléfono.

3.- O número de participantes será limitado a 25, no caso de superar esta cifra terase en conta a orde de entrada e só se considerarán inscritas/os no concurso as/os 25 primeiras/os participantes por orde de inscrición.

4.- As/os participantes deberán levar traxe tradicional galego e utilizarán a percusión tradicional galega.

5.- A participación será conxunta co gaitero non podendo executar pezas non indicadas previamente.

6.- As/os concursantes deberán de estar o pe de escenario, mentres actúa a/o Gaiteira/o que lle precede.

7.- As persoas que concursen farán unha 1ª interpretación Libre onde poderán interpretar unha ou varias pezas Galegas, recollidas ou de autor/a non excedendo os 5 minutos de actuación, sendo penalizado cun punto de penalización por cada 10 segundos de exceso. A 2ª interpretación será dunha peza do repertorio de don Ricardo Portela, entendendo como tal aquel que estea gravado en cinta ou disco polo mestre de Viascón.

8.- Os criterios de valoración do xurado serán os seguintes:

- Dificultade da peza ata 10 puntos
- Interpretación ata 10 puntos
- Posta en escena ata 5 puntos
- Orixe da peza ata 1 punto
- Idade do participante ata 1 punto

As/os participantes deberán executar outras pezas de temática libre por orde de participación ata que o xurado remate a deliberación.

9.- O importe do único premio será de 300€, doados pola Comunidade de Montes de Viascón

10.- O Xurado estará composto por

Presidenta: Dona Sonsoles Martínez Jiménez, da Asociación de Gaiteros Galegos, ou persoa en quen delegue.

Vocais: Don Óscar Ibañez García, gañador do II concurso Ricardo Portela ou persoa en quen delegue, Don Fermín Martínez Gutierrez do Grupo Os Tranzantes de Tenorio ou persoa en quen delegue, Don Oscar Fernández Puga, coñecedor do toque pechado de gaita ou persoa en quen delegue e Don Angel Rodríguez Novoa, coñecedor da música tradicional ou persoa en quen delegue.

Os posibles suplentes teñen que ter amplos coñecementos musicais

11.- A inscrición a este concurso supón a aceptación das bases.

12.- A decisión do Xurado será inapelable, e será quen teña potestade para dirimir ao seu bo criterio calquera cuestión non recollida nas bases, así como a interpretación das mesmas en caso de dúbida.

Cotobade, 19 de xuño de 2006

O Presidente da Comunidade de Montes de Viascón

Don Ernesto Filgueira